

Protocolo de adhesión ao sistema de difusión de ofertas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia

Santiago de Compostela, a ___ de _____ de 202__

REUNIDOS

Dunha parte **D. José González Vázquez**, Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa presidencia.

Doutra, D. / Dna. _____, en representación de _____, con domicilio en _____ e CIF _____, na súa calidade de _____ e actuando no exercicio das súas competencias propias

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a que lle corresponde, entre outras funcións, a través do Servizo Público de Emprego de Galicia (en adiante SPEG): identificar e xestionar ofertas de emprego vinculándoas ás persoas que mellor se axusten a elas en función do seu perfil e competencias coa finalidade de facilitar ás entidades empregadoras as persoas traballadoras máis apropiadas aos seus requirimentos e necesidades.

SEGUNDO.- Que ámbalas dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito da difusión de ofertas de emprego coa finalidade de obter candidaturas axustadas aos requisitos solicitados polas entidades oferentes.

En virtude do exposto e recoñecéndose ámbalas dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan formalizar un **protocolo de adhesión ao sistema de difusión de ofertas do Servizo Público de Emprego de Galicia** de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

A finalidade deste protocolo é a adhesión de _____ ao sistema de difusión de ofertas de emprego do SPEG para converter as necesidades de postos de traballo das súas entidades afiliadas/asociadas en ofertas de emprego tramitadas e difundidas a través das diversas canles das que dispón o Servizo Público de Emprego de Galicia.

Unha vez rexistradas as ofertas de emprego, realizaranse sondaxes na base de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia para atopar as candidaturas que cumpran co requirido pola entidade oferente e simultaneamente difundiranse no portal de emprego de Galicia, no portal Empléate do Sistema Nacional de Empleo e no portal Eures da Unión Europea para que calquera persoa que cumpra cos requisitos poida solicitar ao SPEG a súa inclusión como interesada na oferta de emprego.

A entidade adherida poderá optar por recibir as candidaturas das persoas interesadas que soliciten a participación na oferta directamente no seu enderezo electrónico ou que o SPEG sexa o receptor inicial coa finalidade de filtrar e posteriormente enviar á entidade oferente aquelas que se axusten ao requirido na oferta.

O SPEG poderá dispor doutros medios de difusión como son a Intranet da rede de oficinas de emprego de Galicia, a Intranet do Servizo de Orientación coas entidades colaboradoras de orientación e a rede social LinkedIn.

Salvo indicación expresa en contrario da entidade oferente, na difusión das ofertas de emprego a través do portal de emprego indicaranse os requisitos, a localidade e a descrición do posto de traballo pero non se identificará a entidade oferente.

SEGUNDA.- Funcións do SPEG

O Servizo Público de Emprego de Galicia comprométese a tramitar as ofertas de emprego, seguindo o seu procedemento de xestión, e a empregar os seus recursos persoais e materiais para a obtención de candidaturas axustadas aos postos de traballo requiridos pola entidade oferente.

Para isto, asistirá ás entidades oferentes no proceso de achega da oferta mediante o formulario incluído do anexo I e informará dos sucesivos pasos a seguir no procedemento de selección a través do Servizo Público de Emprego.

O SPEG enviará por medios telemáticos información do número, ocupación e concello de localización da oferta a todas as persoas inscritas no Servizo Público de Emprego que cumpran cos requisitos da oferta e teñan rexistrado un enderezo electrónico no SPEG coa finalidade de ofrecerlles a opción de solicitar a súa participación no proceso de selección.

Se así o solicita a entidade oferente, o SPEG comprobará que as candidaturas recibidas a través da difusión cumpran cos requisitos das ofertas achegadas e, de ser o caso, porá estas candidaturas a disposición da entidade oferente.

TERCEIRA.- Funcións da entidade adherida

----- comprométese a informar e promover entre as súas persoas afiliadas/socias a achega de ofertas de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia coa finalidade de acceder ao sistema de difusión de ofertas do SPEG. A estes efectos, poderá manter reunións informativas provinciais coas súas persoas afiliadas/socias e instrumentalizar formularios de adhesión a este protocolo con cada unha das entidades integradas na súa asociación.

Para realizar estas funcións, poderá facilitar ás súas entidades afiliadas o formulario de achega de ofertas do anexo I.